Plan de Acción de Consultoría Plena Inclusión España 2018-2019

Asociación AMIPA

“Un ano prantando sementes de futuro”

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

1.SOMOS:

No ano 2018 AMIPA comeza un proceso de cambio na organización despois da recollida de peticións das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias nas que demandaban novos servizos. Trátase dun proceso no que participamos persoas diversas dos grupos de interese interno de AMIPA: todas as persoas con discapacidade intelectual, as súas familias e profesionais, acompañadas ao longo dun ano por un consultor de Plena Inclusión España.

Neste proceso, adquirimos, como organización, o compromiso da mellora no acompañamento ás persoas con discapacidade intelectual e as súas familias dende o modelo de calidade de vida e a planificación centrada na persoa.

... e a nosa MISIÓN é:

En AMIPA apoiamos e acompañamos ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias para acadar unha mellor calidade de vida, xerando oportunidades dende o respecto e a ilusión e promovendo a inclusión na comunidade nun entorno rural

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

A NOSA HISTORIA

Orixes e evolución de AMIPA

A Asociación de nais e pais de persoas con discapacidade intelectual da Comarca do Sar -AMIPA- nace en Padrón, no ano 1997, por iniciativa de 6 persoas fundadoras, 5 nais e 1 pai, como asociación de familias que procuramos dar resposta á falta de oportunidades de rapazas e rapaces con discapacidade intelectual na comarca do Sar.

Entre as familias existía a preocupación respecto ao futuro das nosas fillas e dos nosos fillos unha vez rematada a etapa escolar e, co apoio e orientación dos servizos sociais municipais, comezamos a traballar nun proxecto compartido polos concellos da comarca, Dodro, Padrón e Rois. Nun principio, articulouse como unha modesta rede de talleres rurais, o primeiro deles comeza en 1997 nunha pequena aula en Padrón no que participaban as persoas con discapacidade facendo traballos de cestería.

Dende o ano 2003, AMIPA funcionamos como un proxecto comarcal grazas a traballo de manipulados encomendados por 2 empresas da contorna. A primeira sería a fábrica de Nestlé España SA, de Pontecesures, que propiciou que as persoas daqueles primeiros talleres rurais de Dodro, Padrón e Rois se asociaran e se xuntaran para comezar formación en procesos manipulativos. A segunda oportunidade, no ano 2005, virá da man da empresa do grupo Cortizo, Stac SL, que permitiu que as persoas con discapacidade se formasen en traballo de manipulado de aluminio, a través dun Plan FIP (Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional), sector de referencia na comarca.

Nuns locais cedidos polo concello de Padrón e da man de profesionais, AMIPA acaba consolidándose co tempo como un proxecto integral de formación continua que ademais ten como finalidade favorecer o desenvolvemento integral de cada persoa con discapacidade intelectual.

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

Coa apertura do centro ocupacional no ano 2010, na reitoral restaurada cedida por 30 anos polo Arcebispado de Santiago, nun entorno privilexiado na parroquia de Sorribas (Rois) consolidamos como entidade a posibilidade de desenvolver traballo continuado que garante e dignifica a atención ás persoas con discapacidade intelectual. Ademais de continuar desenvolvendo traballos

de manipulados coas 2 empresas, citadas anteriormente, as persoas con discapacidade intelectual fórmanse en horta ecolóxica, artesanía, traballos eventuais con outras empresas da contorna… Neste proxecto foi clave a implicación das familias, profesionais e de diversos axentes sociais da contorna.

No ano 2017 en AMIPA celebramos o noso 20 aniversario cun gran acto que reúne a persoas con discapacidade, familias, profesionais e representantes do ámbito político, empresarial, social, sanitario e educativo. Supuxo un acto de agradecemento ás persoas que contribuíron ao longo de 20 anos a percorrer o camiño cara a inclusión das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias.

En 2018 e tras un proceso de reflexión, comezamos un Plan de Acción de Consultaría de Plena Inclusión España, participativo, e que ten por finalidade redefinir misión, visión e valores e deseñar novos servizos e programas para as persoas con discapacidade de AMIPA, dende o modelo de calidade de vida e a planificación centrada na persoa. Na actualidade este plan continúa a desenvolverse.

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

2.**OS NOSOS VALORES** SON...

Os valores son un modo de conduta preferible ao seu contrario, por exemplo, a igualdade é preferible á desigualdade, a confianza é preferible á desconfianza, etc.

Expresan o que consideramos valioso, estimable e digno de ser honrado.

As persoas de AMIPA adquirimos o compromiso de levar a cabo as nosas accións de acompañar ás persoas con discapacidade intelectual e as súas familias dende os seguintes valores:

	**1.- RESPECTO :** cada persona en AMIPA debe ser tratada con consideración e atención, con palabras e de xeito que teñan en conta as nosas diferenzas, decisións e ritmos.
	2.- IGUALDADE : Todas as persoas en AMIPA, mulleres e homes, debemos ter as mesmas oportunidades, dereitos e deberes e debemos ser tratadas por igual, recoñecendo as diferenzas de cada persoa
	3.- COMPAÑEIRISMO :Todas as persoas en AMIPA nos relacionamos con respecto, escoita, diálogo, bo trato, amabilidade e humildade. Traballamos en equipo, compartimos, colaboramos e nos axudamos tanto dentro como fóra de AMIPA.
	**4.- COMUNICACIÓN- ESCOITA:** Modo de comunicarnos e escoitarnos en AMIPA, en lugares e momentos que nos permitan que a información sexa comprensible para todas as persoas. Utilizamos distintos sistemas de comunicación e respectamos as opinións de cada persoa.

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

	5.- CONFIANZA: Sentimento de seguridade e tranquilidade do que confía en alguén, en algo ou en si mesmo. Maneira de tratarse familiar e aberta, propia das persoas que teñen amizade ou moito trato.
	6.- FELICIDADE-ALEGRÍA : Estado no que as persoas de AMIPA nos sentimos ben, contentas onde estamos e co que facemos. Compartimos momentos con actitude positiva.
	7.- COMPROMISO : As persoas de AMIPA cumprirmos coas nosas obrigas e pactos, participamos e somos responsables.
	8.- AFECTO E COIDADO :Aprecio polas persoas ou cousas. Actuamos e acompañamos ás persoas con respecto, agarimo, paciencia e non por obriga.
	9.- INDIVIDUALIZAR : Prestamos apoios diferentes a cada persoa, segundo os nosos ritmos e necesidades.

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

3. QUEREMOS SER (a nosa **VISIÓN** de futuro...)

Imaxinamos un futuro ilusionante e, dende o compromiso respectuoso coa calidade de vida das persoas e os seus proxectos de vida que permitan a súa inclusión social, queremos ser unha organización na que:

1.- Acompañamos a persoas con discapacidade intelectual para que desenvolvan os **seus proxectos persoais**, nos que sexan **protagonistas**:

- Tendo en conta as preferencias, intereses e desexos persoais
- Realizando actividades significativas para cada persoa
- Apoiando á persoa a alcanzar as cousas importantes para ela, con la colaboración do circulo de apoio elixido por ela mesma

2.- Desenvolvemos **servizos e programas que dean resposta ás necesidades e demandas das persoas e as súas familias:** para a vida independente, ampliación da oferta de formación ocupacional, emprego con apoio, apoio ás familias…:

- Poñendo en marcha vivendas no contorna no que as persoas vivan o pasen estancias cos apoios que precisen
- Tendo un servizo de apoio psicoeducativo no fogar para aquelas persoas que decidan desenvolver o seu proxecto de vida no mesmo
- Colaborando e xerando alianzas con empresas da nosa contorna de referencia
- Acompañando a grupo de familiares
- Desenvolvendo actividades na comunidade segundo os intereses das persoas
- Participando en actividades de ocio segundo as preferencias de cada persoa que lle permita xerar novas alternativas de ocio

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

3.- Desenvolvemos **procesos de participación na comunidade** fomentando a inclusión social das persoas con discapacidade intelectual e a das súas familias

- Establecendo alianzas coa veciñanza, empresas, voluntariado, asociacións, administración local …
- Realizando diferentes actividades nos espazos de AMIPA que sexan significativas para as persoas

4.- Obtemos máis **recursos** diversos: persoais e económicos.

- Xerando recursos propios e buscando financiamento privado como crowfunding, aportacións de empresas, campañas de captación de persoas socias ou axudas privadas de obras sociais e fundacións
- Tendo un programa de voluntariado
- Desenvolvendo prácticas de formación profesional

E para acadar ser a organización que queremos ser deseñamos o seguinte Plan de Acción:

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

PLAN DE ACCIÓN

QUEREMOS FACER 2019-2021

1.-Proxectos persoais centrados nas persoas

OBXECTIVO	Todas as persoas teñen mapas persoais con metas persoais, intereses e expectativas. Todas as persoas teñen o seu círculo de apoio

Accións

1.1.- Deseñar proceso de planificación persoal		
Responsable	Marta	
Data inicio	01 de xullo de 2019	
Data final	15 de xullo de 2019	
Resultado esperado	- Ter o proceso dos Plan Persoais por escrito e compartido con todo o equipo	
Indicador	- Documento do proceso dos Plans Persoais - Número de modificacións durante o desenvolvemento do proceso dos Plans Persoais	
Seguemento	Data :	Xullo de 2020
	Data:	Xullo de 2021
Avaliación final	Data : Revisión e mellora do documento	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

1.2.- Organizar reunións coas persoas para levar a cabo os seus plans persoais		
Responsable	Marta	
Data inicio	01 de setembro do 2019	
Data final	30 de decembro de 2021	
Resultado esperado	- Que todas as persoas teñan reunións para desenvolver o seu plan persoal	
Indicador	- Número de persoas que teñen reunión - Número de reunións	
Seguemento	Data :	Decembro de 2020
	Data:	Xuño de 2021
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2021	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

2.-Servizo de apoio a vida independente

OBXECTIVO	Temos un proxecto piloto de vida independente con un grupo de persoas identificado

Accións

2.1.- Organizar grupo para experiencia piloto		
Responsable	Nieves	
Data inicio	01 de xuño de 2020	
Data final	01 de xuño de 2021	
Resultado esperado	- Hai identificado un grupo de PcDID para experiencia piloto do servizo de vivenda tutelada	
Indicador	- Número de persoas as que entrevistamos - Número de familias que entrevistamos - Porcentaxe de persoas que demandan participar neste servizo - Porcentaxe de familias que demandan este servizo - Grupo identificado de persoas que van formar parte desta experiencia piloto	
Seguemento	Data	Decembro de 2020
	Data	Marzo de 2021
Avaliación final	Data : 01 de xuño de 2021	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

2.2.- Definir modelo de vivenda		
Responsable	Begoña	
Data inicio	15 de xaneiro de 2020	
Data final	30 de decembro de 2020	
Resultado esperado	- Hai un documento onde temos definido o modelo do servizo de vivenda para as PcDID, compartido cos diferentes membros da Asociación (familias, PcDID, profesionais, Xunta Directiva…)	
Indicador	- Temos un documento co modelo de vivenda para as PcDID de Amipa - Número de propostas no desenvolvemento do documento do modelo de vivenda - Número de proxectos consultados ou entidades para desenvolver esta acción - Número de reunión cos diferentes membros de Amipa - Porcentaxe de membros de Amipa que participan nesta acción	
Seguemento	Data	Xuño de 2020
	Data	Outubro de 2020
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

2.3.- Establecer modelo de xestión de vivenda tutelada		
Responsable	Sonia	
Data inicio	01 de decembro de 2020	
Data final	30 de decembro de 2021	
Resultado esperado	- Temos un documento por escrito acordado e aprobado por todos os membros de Amipa e asinado pola Xunta Directiva.	
Indicador	- Documento de xestión de vivenda tutelada. - Número de reunións para tratar esta acción: profesionais, Xunta Directiva, administracións, entidades,... - Número de persoas que participan activamente nesta acción: xunta directiva, familias, PcDID, profesionais,... - Número de proxecto consultados	
Seguemento	Data :	Maio de 2021
	Data:	Outubro de 2021
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2021	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

3.-Servizo de Apoio no Fogar:

OBXECTIVO | Programa en marcha con dúas persoas.

Accións

3.1.- Deseñar programa de Servizo de Apoio no Fogar		
Responsable	Sonia	
Data inicio	15 de xaneiro de 2021	
Data final	30 de setembro de 2021	
Resultado esperado	- Ter deseñado o programa de Servizo de Apoio no Fogar, recollendo as necesidades das PcDI e das súas familias	
Indicador	- Documento que recolla posibles necesidades que se poderían asumir dende AMIPA no Servizo de Apoio no Fogar (para explicar ás familias nun primeiro contacto), tendo en conta proxectos consultados doutras entidades, como fonte de inspiración - Documento que recolla as necesidades das familias e PcDI e o seu interese en participar no Servizo de Apoio no Fogar - Porcentaxe de familias interesadas neste servizo. - Reunións cos diferentes membros que participen nesta acción (PcDI, profesionais e familias …) para definir en que vai consistir o Servizo de Apoio no Fogar - Documento do programa do Servizo de Apoio no fogar	
Seguimento	Data :	Xullo de 2021
	Data:	
Avaliación final	Data : 30 de setembro de 2021	
	alcanzamos os resultados previstos?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

	que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?

3.2.- Presentar o programa ás persoas e familias tendo en conta as súas necesidades		
Responsable	Begoña	
Data inicio	01 de outubro de 2021	
Data final	30 de decembro de 2021	
Resultado esperado	- Ter presentado o programa de Servizo de Apoio no Fogar ás persoas e ás familias interesadas	
Indicador	- Número de reunións individuais, en grupos pequenos ou asemblea (a acordar dependendo das persoas interesadas) para presentar o programa de Servizo de Apoio no Fogar - Alomenos, 2 persoas queren comezar neste programa de Servizo de Apoio no Fogar	
seguimento	Data :	
	Data:	
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2021	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

4.-Novas ofertas ocupacionais

OBXECTIVO	Temos unha nova oferta ocupacional

Accións

4.1.- Consultar as demandas das persoas con discapacidade na área ocupacional		
Responsable	Marta	
Data inicio	15 de xaneiro de 2020	
Data final	01 de abril de 2020	
Resultado esperado	- Temos un documento coas demandas das PcDID sobre posibles novas opcións na área ocupacional.	
Indicador	- Documento onde están recollidas as diferentes demandas das PcDID. - Número de propostas de ofertas ocupacionais. - Número de persoas que fan novas propostas ocupacionais (PcDID, profesionais, familias,...) - Porcentaxe de persoas que participan nesta acción.	
Seguemento	Data	
Avaliación final	Data : 01 de abril de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

4.2.- Prospección do mercado para a búsqueda dunha nova oferta ocupacional		
Responsable	Marta	
Data inicio	01 de maio de 2020	
Data final	01 de decembro de 2020	
Resultado esperado	- Temos identificado unha nova oferta ocupacional	
Indicador	- Documento onde están recollidas os contactos con diferentes empresas, entidades,... - Porcentaxe de empresas, entidades,.. en ofertar unha nova tarefa ocupacional - Número de propostas de ofertas de formación ocupacional.	
Seguemento	Data	Setembro de 2020
Avaliación final	Data : 01 de decembro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

5.-Servizo de Apoio a Familias:

OBXECTIVO	Grupo de familias funcionando Proxecto de respiro familiar personalizado

Accións

5.1.- Identificar necesidades de apoio ás familias para estudar a necesidade da creación dun grupo de familias		
Responsable	Marta	
Data inicio	01 de marzo de 2020	
Data final	30 de decembro de 2020	
Resultado esperado	- Ter un documento co estudo das necesidades de apoio das persoas das familias: interese en crear un grupo de familias de AMIPA, programa de respiro familiar …	
Indicador	- Número de enquisas que se realizaron para detectar as necesidades das e dos familiares - Documento que recolla as necesidades de apoio das familias e o interese para crear un grupo de familias - Reunións cos membros interesados nesta acción (familias e Xunta Directiva …) - Número de persoas das familias interesadas en crear un grupo de familias en AMIPA	
Seguimento	Data :	Xullo de 2020
	Data:	
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

5.2.- Deseñar programa de respiro familiar		
Responsable	Sonia	
Data inicio	01 de setembro de 2021	
Data final	30 de decembro de 2021	
Resultado esperado	- Deseñar un programa de respiro familiar, se da detección de necesidades as familias o demandan	
Indicador	- Número de proxectos consultados doutras entidades - Documento do programa de respiro familiar	
seguimento	Data :	Novembro de 2021
	Data:	
Avaliación final	Data : 30 de decembro 2021	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

6.-Apoios para ocio personalizado

OBXECTIVO	Cada persoa ten apoio garantido para realizar unha actividade persoal de ocio anual

Accións

6.1.- Deseñar e estruturar o sistema de apoios personalizados		
Responsable	Sonia	
Data inicio	15 de xaneiro de 2020	
Data final	30 de xuño de 2021	
Resultado esperado	- Temos identificado e recollido nun documento a lo menos unha actividade de ocio para cada persoa. - Cada persoa realiza neste período (2020-2021) a actividade de ocio acordada, dentro dos seus Plans Persoais ou PIAs.	
Indicador	- Documento onde se recollen as actividades de ocio de cada persoa. - Porcentaxe de persoas que desfrutan de unha actividade de ocio. - Número de reunión totais para deseñar o documento. - Número de reunións totais coas PcDID.	
Seguemento	Data	Xullo de 2020
	Data	Xaneiro de 2021
Avaliación final	Data : 30 de xuño de 2021	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

7.-Servizo de Emprego:

OBXECTIVO	Temos proxectos compartidos con outras entidades

Accións

7.1.- Establecer contactos/informarnos		
Responsable	Begoña/Nieves	
Data inicio	01 de novembro de 2019	
Data final	30 de xuño de 2020	
Resultado esperado	- Establecemos contactos con outras entidades: Asociación Autismo Bata - Alo menos unha persoa con discapacidade de AMIPA participa nun proxecto de emprego noutra entidade: Asociación Autismo Bata: "Iníciate á vida independente", …	
Indicador	- Número de contactos realizados con outras entidades - Número de proxectos compartidos con outras entidades en canto ao Servizo de Emprego - Documento que recolla o proxecto compartido - Documento que recolla os resultados da acción e prácticas formativas non laborais en empresas.	
Seguimento	Data :	Xaneiro de 2020
	Data:	Marzo de 2020
Avaliación final	Data : 30 de xullo de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

8.- Sistemas de alianza coa comunidade

OBXECTIVO	Hai un plan de alianzas que define “para que”, “como”, “con quen”,..

Accións

8.1.- Deseñar un plan		
Responsable	Nieves	
Data inicio	15 de xaneiro de 2020	
Data final	30 de decembro de 2020	
Resultado esperado	- Temos un documento compartido co plan para desenvolver alianzas coa comunidade.	
Indicador	- Documento co plan cos sistemas de alianzas con grupos de interese coa comunidade. - Número de alianza para desenvolver no seguinte período (2021) - Número de reunións onde elaboramos e concretamos o documento.	
Seguemento	Data	Xullo de 2020
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

9.- Centro Aberto - Actividades Compartidas:

OBXECTIVO	Temos unha actividade no centro na que participan persoas da comunidade

Accións

9.1.- Deseñar un plan		
Responsable	Nieves	
Data inicio	01 de marzo de 2020	
Data final	30 de decembro de 2020	
Resultado esperado	- Ter deseñado un plan no que se especifique que entendemos por centro aberto e actividades compartidas nas que participan persoas da comunidade (alo menos unha actividade compartida)	
Indicador	- Número de actividades que se poderían desenvolver no centro ocupacional AMIPA para que participen persoas da comunidade, realizando un pequeno estudo. - Número de reunións cos Concellos de Rois para ofrecer como recurso o espazo do Centro Ocupacional de Sorribas, como centro aberto, e recoller información sobre que actividades se poderían ofrecer no Centro Ocupacional de AMIPA abertas a toda a veciñanza - Documento que recolla: que entendemos por centro aberto e cal vai ser o plan de actividades compartidas	
Seguimento	Data :	Xullo de 2020
	Data:	
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

10.-Plan económico 50/50

OBXECTIVO	Temos un plan económico 65/35

Accións

10.1.- Busca de fontes de financiación		
Responsable	Begoña	
Data inicio	15 de xaneiro de 2020	
Data final	30 de decembro de 2020	
Resultado esperado	- Temos un documento onde recollemos as diferentes opcións de financiación (socios/as, empresas,...)	
Indicador	- Documento aprobado pola Xunta Directiva coas novas propostas de financiación. - Número de reunións coas persoas que levan a cabo esta acción. - Porcentaxe de participación dos diferentes membros desta acción: profesionais, familiares, Xunta Directiva,... - Número de propostas de outras entidades as que poidamos consultar para inspirar esta acción.	
Seguemento	Data	Xullo de 2020
	Data	
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

10.2.- Captación de socios e socias		
Responsable	Marta	
Data inicio	01 de setembro de 2020	
Data final	30 de decembro de 2020	
Resultado esperado	- Hai a lo menos 10 socios/as máis colaborando economicamente con Amipa.	
Indicador	- Temos un documento onde especificamos e acordamos como facer a captación de socios/as. - Números de accións destinadas a captación de socios/as: chamadas telefónicas, cartas ás familias, envío de trípticos, publicacións en redes sociais/web,... - Porcentaxe de participación dos diferentes membros desta acción: profesionais, familiares, Xunta Directiva,...	
Seguemento	Data	
	Data	
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

11.- Programa de Voluntariado:

OBXECTIVO	Hai un Programa de Voluntariado activo en marcha

Accións

11.1.- Deseñar o programa para captar persoas voluntarias		
Responsable	Sonia	
Data inicio	01 de marzo de 2020	
Data final	30 de outubro de 2020	
Resultado esperado	- Ter un programa de voluntariado deseñado.	
Indicador	- Número de programas de voluntariado consultados - Documento que recolla o programa de captación de persoas voluntarias, identificando previamente, que tarefas concretas desenvolverán as persoas voluntarias	
Seguimento	Data :	Xullo de 2020
	Data:	
Avaliación final	Data : 30 de outubro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

11.2.- Darnos de alta na administración como entidade que xestiona voluntariado		
Responsable	Begoña	
Data inicio	01 de setembro de 2020	
Data final	30 de decembro de 2020	
Resultado esperado	- AMIPA está dada de alta na administración como entidade que xestiona voluntariado e recoller por escrito os beneficios, os compromisos …necesarios	
Indicador	- Número de chamadas ou número de fontes de información que se consultan para saber que necesita AMIPA para darse de alta na administración como entidade que xestiona voluntariado. - Documento da administración que acredite que AMIPA está dada de alta como entidade que xestiona voluntariado	
seguimento	Data :	
	Data:	
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

12.-Prácticas formación profesional

OBXECTIVO	A lo menos 1 persoa o ano facendo prácticas

Accións

12.1.- Deseñar un programa establecendo unha oferta de prácticas asociada a oferta de formación profesional		
Responsable	Marta	
Data inicio	15 de xaneiro de 2020	
Data final	01 de xullo de 2020	
Resultado esperado	- Hai un programa elaborado desta acción.	
Indicador	- Documento co programa para a oferta de prácticas. - Número de reunións destinadas a esta acción. - Listado co número de centros educativos e centros de formación aos que propoñer esta acción	
Seguemento	Data	Marzo de 2020
Avaliación final	Data : 01 de xullo de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

12.2.- Dar a coñecer a oferta nos centros educativos e nos centros de formación		
Responsable	Marta	
Data inicio	01 de setembro de 2020	
Data final	30 de decembro de 2020	
Resultado esperado	- Reunión cos centros educativos e centros de formación nos que ofertaremos o programa de prácticas. - Temos unha persoa realizando prácticas	
Indicador	- Número de reunións cos centros educativos e centros de formación - Porcentaxe de centros educativos e centros de formación que están interesados en esta acción. - Convenio firmado con unha persoa para a realización das súas prácticas en Amipa	
Seguemento	Data	
	Data	
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2020	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

13.- Servizo de Día:

OBXECTIVO	Temos o proxecto de Servizo de Día deseñado e finalizado

Accións

13.1.- Recoller as necesidades dos demandantes deste servizo e deseñar o proxecto		
Responsable	Marta	
Data inicio	15 de xaneiro de 2021	
Data final	30 de decembro de 2021	
Resultado esperado	- Temos as necesidades das persoas recollidas e o proxecto deseñado	
Indicador	- Número de proxectos de Servizo de Día consultados - Número de enquisas ás PcDI e familias para detectar necesidades e interese e participar no servizo - Porcentaxe de persoas e familias interesadas neste servizo. - Reunións coas partes implicadas (PCDI, familias, profesionais …) para definir o Servizo de Día - Documento que recolla as necesidades das persoas e o deseño do proxecto	
Seguimento	Data :	Xullo de 2021
	Data:	
Avaliación final	Data : 30 de decembro de 2021	
	alcanzamos os resultados previstos? que dificultades atopamos? que facilidades atopamos? como imos continuar?	

Campo do Souto s/n · 15900 Padrón (A Coruña)
T. 981 817 202 / 669 051 747
amipa@asociacionamipa.gal
asociacionamipa.gal

Agradecementos:

A todas as persoas que fixeron posible este Plan de Acción: persoas con discapacidade, familias, profesionais de AMIPA, pola súa participación e implicación neste plan de mellora para a asociación e, en especial, ao consultor Fausto García Grey polo seu acompañamento, coñecementos, método de traballo, flexibilidade, ánimo... e... a proposta irrenunciable de mudar o xeito de mirar ás persoas, para crear comunidades verdadeiramente inclusivas para todas e todos.

Rois, decembro de 2019